

AXUDAS EXCEPCIONAIS A PRODUTORES DE CARNE POLA CRISE DA GUERRA DE UCRAÍNA - MR244A

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230113/AnuncioG1534-291222-0001_gl.html

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR244A&ano=2022&numpub=1&lang=gl>

OBXETO DAS AXUDAS: A finalidade destas axudas é apoiar, de forma temporal e excepcional para aliviar as dificultades económicas derivadas do conflito bélico en Ucraína, as explotacións **produtoras de vacún de carne, de ovellas, de cabras, de aves ou de coellos**

PERSOAS BENEFICIARIAS: Persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras de carne de vacún, de carne de ovellas, de carne de cabras, de carne de aves ou de carne de coellos que cumpran os requisitos:

1. As persoas produtoras, no caso da axuda dirixida ao sector **produtor de carne de vacún, de carne ovino e de carne cabrún deben cumprir os seguintes requisitos:**

a) **Sexan titulares, na data de presentación da solicitude única correspondente ao ano 2022,** de explotacións rexistradas e que consten en alta no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) co tipo de explotación «Produción e reprodución» ou tipo «Pasto». No primeiro caso a nivel subexplotación deberán estar clasificadas como explotacións de bovino, ovino ou cabrún cunha clasificación zootécnica de «reprodución para produción de carne» ou «reprodución para produción mixta» ou explotacións de bovino cunha clasificación de «cebo ou cebadeiro».

b) No caso de ser produtores/as **de ovino e cabrún:** non conten con declaracións de entregas ou de vendas directas rexistradas no Sistema Unificado de Información Láctea (INFOLAC) durante o ano 2021 para a especie obxecto de axuda.

c) Fosen beneficiarios/as no ano 2021, e conten con animais determinados para percibila, dalgunha axuda asociada De ceba.

d) No caso de produtores/as de ovino e cabrún, contasen en 2021 cun número de femias elixibles igual ou superior a 30 ovellas e 10 cabras.

e) No caso de produtores/as dedicados/as ao engorde de tenreiros, tivesen en 2021 un número de animais elixibles igual ou superior a 3 tenreiros segundo o previsto nas seccións 3ª e 8ª do capítulo II do título IV do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.

f) Percibisen, en relación á solicitude única de axudas da PAC do ano 2021, o pagamento para prácticas agrícolas beneficiosas para o clima ou o ambiente conforme o capítulo II do título III do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.

g) En caso de non cumprir o previsto no punto anterior, deberán percibir, en relación á solicitude única de axudas da PAC do ano 2021 ou a unha solicitude de pagamento dun programa de desenvolvemento rural presentada durante 2021, algunha das axudas previstas nos programas de desenvolvemento rural da Comunidade Autónoma de Galicia no marco das letras a) e d) do artigo 17

h) En caso de non cumprir o previsto nos dous puntos anteriores, deberán estar a realizar na súa explotación algunha actividade relacionada con polo menos un dos seguintes obxectivos:

AXUDAS EXCEPCIONAIS A PRODUTORES DE CARNE POLA CRISE DA GUERRA DE UCRAÍNA - MR244A

economía circular, xestión de nutrientes, uso eficiente dos recursos, ou produción respectuosa co ambiente e o clima.

i) Nos casos de cambios de titularidade da explotación gandeira que tivesen lugar antes do final do período de modificación da solicitude única de 2022, consideraranse como animais subvencionables os animais determinados en 2021 do anterior titular.

j) No caso de mozos/as gandeiros/as, e de gandeiros/as que comecen a súa actividade, sendo a solicitude única de 2022 aquela en que se solicita por primeira vez algunha das axudas asociadas á gandería, as explotacións con dereito a cobramento serán: – As explotacións que cumpran os requisitos para os efectos da axuda asociada ás explotacións que manteñen vacas nutrices presentes na explotación en data do 30 de abril de 2022. – As explotacións recollidas na última declaración censual dispoñible en data do 30 de abril de 2022 no ovino e cabrún. – As explotacións que cumpran os requisitos para percibir a axuda asociada aos tenreiros cebados noutra explotación conforme o previsto na sección 3ª do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sacrificados ou exportados antes do 30 de abril de 2022.

2. As persoas produtoras, no caso da axuda **dirixida ao sector avícola de carne**, **deben cumprir os seguintes requisitos:** a) Sexan titulares, en data do 1 de xaneiro de 2022, dunha explotación gandeira rexistrada e de alta no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) co tipo de explotación «Produción e reprodución» clasificada como «produción de carne» cun número de prazas superior a 250. b) Que a dita explotación albergue pitos de aptitude cárnica e que esta realizase a declaración censual obrigatoria no ano 2022 conforme o previsto no Real decreto 637/2021, do 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas. c) Realicen na súa explotación algunha actividade relacionada con polo menos un dos seguintes obxectivos: economía circular, xestión de nutrientes, uso eficiente dos recursos, ou produción respectuosa co ambiente e o clima.

3. As persoas produtoras, no caso da axuda **dirixida ao sector cunícola de carne**, **deben** cumprir os seguintes requisitos:

a) **Sexan titulares, en data do 1 de xaneiro de 2022, dunha explotación** gandeira rexistrada e de alta no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) co tipo de explotación «Produción e reprodución» clasificada como «produción de cazapos para carne» cun número de prazas igual ou superior a 50 reprodutoras.

b) **Que na devandita explotación se alberguen coellos e que esta realizase a declaración censual obrigatoria no ano 2022** conforme o previsto no Real decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións cunícolas.

c) Realicen na súa explotación algunha actividade relacionada con polo menos un dos seguintes obxectivos: economía circular, xestión de nutrientes, uso eficiente dos recursos, ou produción respectuosa co ambiente e o clima.

4. As persoas solicitantes **deberán estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias** ou fronte á Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

AXUDAS EXCEPCIONAIS A PRODUTORES DE CARNE POLA CRISE DA GUERRA DE UCRAÍNA - MR244A

IMPORTES SUBVENCIONABLES: O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrncia non competitiva. No caso de que o orzamento asignado a algunha/s tipoloxía/s non permita o pagamento das contías máximas, estes importes reduciranse proporcionalmente a todas as persoas produtoras de cada tipo de produción ata axustarse ao orzamento asignado.

2. Os importes subvencionables para as explotacións de carne de vacún serán os seguintes:

| Tramo | Tamaño da explotación | Axuda |
|-------|-------------------------|------------|
| 1 | Ata 3 animais | 220,00 € |
| 2 | De 4 a 10 animais | 740,00 € |
| 3 | De 11 a 19 animais | 1.400,00 € |
| 4 | De 20 a 30 animais | 2.200,00 € |
| 5 | De 31 a 44 animais | 3.210,00 € |
| 6 | De 45 a 61 animais | 4.420,00 € |
| Tramo | Tamaño da explotación | Axuda |
| 7 | De 62 a 82 animais | 5.890,00 € |
| 8 | De 83 a 109 animais | 7.750,00 € |
| 9 | A partir de 110 animais | 8.790,00 € |

3. Os importes subvencionables para as explotacións de carne de vacún de cebo serán os seguintes:

| Tramo | Tamaño da explotación | Axuda |
|-------|-------------------------|------------|
| 1 | Ata 12 animais | 170,00 € |
| 2 | De 13 a 30 animais | 420,00 € |
| 3 | De 31 a 56 animais | 760,00 € |
| 4 | De 57 a 93 animais | 1.220,00 € |
| 5 | De 94 a 146 animais | 1.820,00 € |
| 6 | De 147 a 222 animais | 2.590,00 € |
| 7 | De 223 a 330 animais | 3.540,00 € |
| 8 | De 331 a 485 animais | 4.650,00 € |
| 9 | A partir de 486 animais | 5.000,00 € |

AS SOLCIDUTES TEÑEN QUE FACERSE NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA, NO PROCEDUREMTO MR244A

AXUDAS EXCEPCIONAIS A PRODUTORES DE CARNE POLA CRISE DA GUERRA DE UCRAÍNA - MR244A

4. Os importes subvencionables para as explotacións de carne de ovellas ou cabras serán os seguintes:

| Tramo | Tamaño da explotación | Axuda |
|-------|-------------------------|------------|
| 1 | Ata 30 animais | 140,00 € |
| 2 | De 31 a 46 animais | 220,00 € |
| 3 | De 47 a 67 animais | 310,00 € |
| 4 | De 68 a 95 animais | 440,00 € |
| 5 | De 96 a 132 animais | 590,00 € |
| 6 | De 133 a 182 animais | 790,00 € |
| 7 | De 183 a 248 animais | 1.040,00 € |
| 8 | De 249 a 336 animais | 1.350,00 € |
| 9 | A partir de 337 animais | 2.090,00 € |

5. Os importes subvencionables para as explotacións produtoras de avicultura de carne, a axuda segundo a capacidade da explotación (número de prazas) será a seguinte:

| Tramos | Capacidade da explotación | Importe da axuda |
|--------|---------------------------|------------------|
| 1 | De 251 a 10.000 | 1.310,00 € |
| 2 | De 10.001 a 20.000 | 2.200,00 € |
| 3 | De 20.001 a 30.000 | 2.850,00 € |
| 4 | De 30.001 a 40.000 | 3.150,00 € |
| 5 | De 40.001 a 50.000 | 3.750,00 € |
| 6 | A partir de 50.001 | 4.900,00 € |

6. Os importes subvencionables para as explotacións produtoras de carne de coellos, a axuda segundo a capacidade da explotación (número de prazas) será a seguinte:

| Tramos | Capacidade da explotación | Importe da axuda |
|--------|---------------------------|------------------|
| 1 | De 50 a 500 | 2.500,00 € |
| 2 | De 501 a 1.000 | 3.700,00 € |
| 3 | De máis de 1.001 | 5.100,00 € |

PRAZO SOLICITUDES: 14/01/2023-13/02/2023